

CIDADES VIGO NO TEMPO

Exposición
10 novembro 2023—20 xaneiro 2024
Sede Afundación Vigo

afundacion.org
cidadedacultura.gal

DOSSIER
DE PRENSA



XUNTA
DE GALICIA



FUNDACIÓN
CIDADE
DA CULTURA
DE GALICIA




//Afundación
Obra Social ABANCA



SANTIAGO DE
COMPOSTELA




PONTEVEDRA



VIGO


VIGO NO TEMPO



Vigo no tempo é a quinta das mostras que se poñen en marcha no marco dun proxecto máis amplo, ***Cidades no tempo***, que contempla unha exposición en cada unha das sete principais urbes galegas. Tras Santiago, Ferrol, Lugo e A Coruña, a proposta continúa o seu percorrido en Vigo co obxectivo de reivindicar a cultura urbana como compoñente clave da identidade de Galicia.

A iniciativa está organizada pola Xunta de Galicia, a través da Fundación Cidade da Cultura, coa colaboración de Afundación (Obra Social ABANCA), en cuxas sedes se ubican as exposicións en cada cidade.

O relato expositivo explora a cidade dende as súas orixes ata a actualidade cunha combinación única de obxectos de alta cultura e cotiáns, obras de arte, documentación histórica, mapas e planos, recreacións virtuais, fotografías e publicacións. Unha oportunidade de afondar no Vigo máis coñecido e de descubrir os aspectos esquecidos ou descoñecidos dende moi diversas perspectivas: os fitos históricos e os mitos, o desenvolvemento urbanístico, a economía e a industria, o lecer ou a cultura.



ESCUDO DA OLIVEIRA DE VIGO. Imaxe

VISTA DE VIGO DENDE A GUÍA. Ramón Buch, Finais s. XIX. Colección Severo Pardo

Guindastres na ría de Vigo. Foto: Manuel G. Vicente

PLANO DE VIGO COS SEUS CONTORNOS. Manuscrito a pluma. Ministerio de Defensa. Instituto de Historia y Cultura Militar Archivo General Militar de Madrid

Ornatos en Vigo. Foto: Manuel G. Vicente

A mostra parte dunha visión de Vigo como un lugar cunha profunda vontade de constituírse como unha gran cidade. Así, fai un percorrido pola realidade dunha urbe que medrou nun territorio xa intensamente habitado incluso antes de que existira esa propia idea de cidade. Baixo esta premisa, o traxecto abrangue as relevantes infraestruturas a nivel comercial, cultural e de comunicacións, enfocadas en acadar ese obxectivo. Un camiño que repasa, ademais, pezas arqueolóxicas de grande importancia, os documentos fundacionais, algunhas das imaxes máis antigas da cidade e mesmo grandes proxectos que non saíron adiante.

A exposición coloca nun mesmo escenario dende o Vigo industrial (vinculado ao mar e outras entidades destacadas como Citroën) ao editorial, pasando pola influencia do Cable Inglés nas costumes e no lecer, polo Vigo da Movida ou do Grupo Atlántica, ata o Vigo do mar e as lendas.

Á fronte do proxecto está Manuel Gago, doutor en Ciencias da Comunicación e director de culturagalega.gal do Consello da Cultura Galega. Para esta mostra conta co asesoramento, como coordinador local, do columnista e editor de Xerais entre 1994 e 2018, Manuel Bragado. Asimesmo, colaboran institucións relevantes para esta cidade, coleccións particulares e recoñecidas entidades empresariais.

Unha viaxe pola identidade urbana de Vigo

A exposición recíbenos cun corredor iluminado con estelas, recreando a través de caixas de luz unha das mellores coleccións de plástica galaico-romana de Galicia. Ata os anos 50 Vigo non sabía demasiado sobre o seu pasado romano, ata que se encontraron estas estelas funerarias (custodiadas actualmente no Museo Quiñones de León) nun bo estado de conservación.



ESTELAS
FUNERARIAS. Museo
Municipal de Vigo
«Quiñones de León».
Recreacións

MITOS E ORIXES

O relato expositivo de *Vigo no Tempo* parte na súa primeira sección dunha recreación da Reconquista, a través de ilustracións animadas de Miguel Robledo. É o fito histórico que máis une aos vigueses hoxe en día, momento clave para que a vila pase a ser unha cidade. Así, a loita durante a Guerra da Independencia supuxo con posterioridade a transformación do status administrativo e a obtención do status oficial de cidade para a antiga vila de Vigo.

TRAMAS

Con documentos, planos, mapas, proxectos... afóndase nas profundas transformacións urbanas e na expansión dunha cidade caracterizada pola irregular topografía do seu territorio. Os centros de poboamento variaron en función das circunstancias produtivas, sociais e políticas. Esta sección somérxenos na cidade produtiva, na organización da

vida social e nas grandes obras públicas.

- Abórdase o desenvolvemento económico dado pola condición portuaria e as industrias do mar (pesca, conservas, construción naval) e posteriores iniciativas como a automoción. Tamén como afectou á organización da vida social a existencia das fábricas.
- Repárase na estética de Vigo que ten a súa orixe no singular románico vigués. A súa identidade visual foi combinando o popular, como os soportais do Berbés, coa arquitectura ecléctica da burguesía viguesa desde finais do XIX, plasmada nos grandes edificios do Ensanche, e a modernidade do XX.
- O desenvolvemento do porto, un dos grandes temas do debate público vigués desde principios do S.XIX, e os sistemas tamén protagonizan a mostra. A numerosa poboación requiriu de solucións en varios ámbitos, tamén no da educación das familias obreiras. A Escola Municipal de Artes e Oficios (1885) é unha

das institucións máis lonxevas da cidade.

ESCENARIOS

Explórase con obxectos históricos, obras de arte ou fotografías a memoria e as aspiracións dunha sociedade que busca o seu espazo, moitas veces influenciada pola presenza foránea dada pola posición estratéxica de Vigo no Atlántico.



- Faise referencia a unha paisaxe viguesa construída ao redor da auga, que funciona mesmo cun importante sentido simbólico relacionado coas lendas e os mitos. O relato fala aquí das covas do

MURAL DE RÚA. Foto: Manuel G. Vicente

HISTORIA DE VIGO Y SU COMARCA.
Fundación Penzol



ORNATOS. Foto: Manuel G. Vicente



PIRAGUAS FERNANDO LAGOS. Folleto publicitario Fernando Lagos Ca. 1920



RAPTO DE EUROPA. Irmáns Hernández, 1929. Esmalte champlévé sobre cobre

Folón, un dos primeiros espazos sagrados de Vigo, os tesouros de Rande ou os cipos de Toralla e Alcabre.

- A cidade reinvéntase continuamente. Vigo eclosiona a finais do XIX baixo o prisma da vida burguesa, obreira, e con vontade de participar na vida política e cultural galegas. Nesa época recibe influencias foráneas como as xurridas coa chegada do Cable Inglés. Xa nos anos 70 son as loitas laborais e sociais as que protagonizan as transformacións na cidade, mentres que nos 80 os cambios viñeron dados en gran medida a partir das artes e a música (A Movida, Grupo Atlántica).

CIDADE NARRADA

Explórase a urbe non só como unha traza física, senón como un espazo que falamos, imaxinamos e discutimos. A imaxe de Vigo está conformada en gran parte a través dos medios de comunicación e a propia literatura.

- O Faro de Vigo está considerado o diario decano da prensa española. Ademais, a cidade tamén destaca por ser historicamente un importante foco editorial desde o século XIX, con Compañel (primeira edición de Cantares gallegos de Rosalía



de Castro) ou as coidadas edicións de Krapf. Vigo acolle a sede da Editorial Galaxia e alí naceu Edicións Xerais.

VOCES DA CIDADE

A cidade está construída pola memoria das persoas. Comparten as súas experiencias relacionadas con Vigo: Leticia Costas, escritora; Ana Míguez, pioneira do movemento feminista en Galicia; Elvira Landín, avogada; Fiz Axeitos, organización da Reconquista e membro da Asociación Casco Vello; Loli Hernández, fundadora das Cantadeiras do Berbés; e Henrique Costas, profesor da Universidade de Vigo.

LIÑA DO TEMPO


É un apartado transversal a toda a exposición que vai facendo insercións na historia da cidade a través de pezas de diferente tipoloxía, axudando a concluír o relato.

Pezas destacadas

A CONCIENCIA DE CIDADE

O título de cidade

A acción vitoriosa dos vigueses contra os franceses no contexto da Guerra da Independencia outorgou a Vigo unha posición vantaxosa para reclamar unha maior independencia simbólica e política. En 1810 recoñecía-se o título de cidade "fiel, leal e valorosa" e en 1811 os vigueses reclamaron a abolición do señorío compostelán e o voto en Cortes, entre outras demandas.



EXPEDIENTE DA CONCESIÓN OUTORGADA POR FERNANDO VII DO TÍTULO DE CIDADE LEAL E VALEROSA A FAVOR DE VIGO. 1810-1811. Concello de Vigo. Arquivo Municipal

Reliquia da Guerra da Independencia


Neste contexto a exposición exhibe unha reliquia destacada da Guerra da Independencia moi pouco vista, o estandar te do navío francés Atlas. En xullo de 1808, esta fragata francesa fondeou na baía de Vigo, confiada en que a cidade xa obedecía a Xosé I. O buque foi capturado polos mariñeiros da cidade e os seus emblemas, agasallados polo propio Napoleón, remitidos como trofeo á Xunta Central de Sevilla.

ESTANDARTE DA MARIÑA IMPERIAL FRANCESA QUE PERTENCEU AO NAVÍO L'ATLAS. 1804-1808. Museo Naval de Madrid



A primeira mención a Vigo en 1097

Aparece nun manuscrito dun pleito entre Vigo coa poboación de Canadelo polos límites das terras. Este documento, ademais de conter a primeira mención escrita do topónimo Vigo, ten como curiosidade o nome dun cidadán vigués: Alfonso Vigoiz.



TESTEMUÑO DA SENTENZA SOBRE O LITIXIO MANTIDO ENTRE CERTOS HOMES DE VIGO E OUTROS DE CANADELO POLOS TERMOS DOS DEVANDITOS LUGARES. 5/7/1097 Ministerio de Cultura y Deporte. Archivo Histórico Nacional.

A primeira imaxe coñecida da cidade, de 1597

Trátase dun bosquexo que ten que ver co contexto de inestabilidade da costa galega a finais do S.XVI, exposta ao ataque de piratas e armadas inimigas. Avisa o crecemento urbano ao pé do castro, o Castelo de San Sebastián e as rúas organizadas en paralelo ao litoral, ao redor da Colexiata de Santa María. A vila aínda non ten murallas naquel entón.



DEBUXO DA VILA DE. 1597 Mapa en papel. Ministerio de Cultura. Archivo General de Simancas.

70 anos despois... Imaxe dun Vigo fortificado (1667)

Trátase dun plano que amosa como a vila se convertiu nunha praza fortificada co Castelo do Castro, o forte de San Sebastián e a muralla que cingue a cidade. A protección foi produto da gran inestabilidade do litoral atlántico ante os frecuentes enfrontamentos da Coroa con outras potencias europeas.

PLANTA E PERSPECTIVA DA VILA DE VIGO E A SÚA FORTIFICACIÓN. 1667. Ministerio de Cultura. Archivo General de Simancas



O Vigo que non foi


Unha das grandes curiosidades da exposición é o que puido ser Vigo a nivel urbanístico de acordo con esa idea de construír unha cidade. Así, móstranse varios planos con ideas de cidades e infraestruturas que non chegaron saír adiante, pero que dan conta desa vontade de avanzar para constituírse nunha grande urbe.

Atopamos entre estas pezas un documento de 1820, un plano para construír un peirao e unha 'nova poboación', baseado nas premisas do urbanismo ilustrado e que se estendería polo Areal.

Tamén se expón un curioso plano de 1810 para facer unha base naval nas Illas Cíes. As Cíes, refuxio de piratas e armadas estranxeiras, contaron con varias iniciativas de fortificación.



PROXECTO DUN PEIRAO DE COMERCIO E PESCA, NO PORTO DE VIGO, CUN PLAN XERAL DUNHA NOVA POBOACIÓN [...] Anónimo S. XIX. Archivo Cartográfico y de Estudios Geográficos del Centro Geográfico del Ejército. Ministerio de Defensa.



Plano de un Arsenal de la Marina proyectado en las Yslas de Bayona en el puerto de Vigo. Timoteo Roch, 1810. Archivo General Militar de Madrid

VIGO, CIDADE PRODUTIVA

*Fabricación do Citroën 2C AZU.
1959-1965. Stellantis Vigo*

A chegada de Citroën

O crecemento industrial de Vigo está estreitamente ligado á instalación en 1958 de Citroën Hispania, motivada pola posición marítima da cidade e a existencia da Zona Franca. Primeiro nuns antigos almacéns da Aduana e un ano despois co traslado á planta de Balaídos, a factoría convertiuse nun nodo industrial estratéxico para Galicia en un signo de identidade colectiva. A furgoneta AZU e o 2CV marcaron os inicios da produción en Vigo.



Máis alá do mar...

A industria viguesa nace, con frecuencia, a partir das industrias do mar. Foi o caso das máquinas de coser Refrey, que son parte da memoria emocional viguesa. Todo un prodixio para a época, a máquina sacouna adiante en 1948 a familia Freire, recoñecidos industriais vigueses que puxeron en marcha o astaleiro Construcciones Navales Paulino Freire.



MÁQUINA DE COSER REFREY. MODELO CL 317, 1955. Concello de Vigo. Escola Municipal de Artes e Oficios

Os horarios laborais...

A industria e a necesidade de control de todo o sistema de produción afectou aos horarios laborais, polo que acabou por impoñer os seus tempos na cidade. Así, comezaron a funcionar nas fábricas os reloxos de fichar, como o da Conserveira Albo.



RELOXO DE FICHAR DA CONSERVEIRA ALBO. Museo Massó. Xunta de Galicia

A hixiene nas fábricas...

Vigo convertiuse na cidade líder da industria da conserva de peixe dende o crecemento do sector dende mediados do século XIX e sobre todo nas primeiras décadas do século XX. De instalacións artesanais pasouse gradualmente a factorías máis complexas. Exponse na sala a fonte da fábrica Massó como testemuña das ideas hixienistas e o traballo colectivo das obreiras da fábrica.

*LAVABO DE MANS
DAS EMPREGADAS DA
CONSERVEIRA MASSÓ.
Museo Massó. Xunta
de Galicia*



REINVENTANDO A URBE

A invención da cidade a finais do S.XIX

A posición privilexiada de Vigo no Atlántico facilitou a instalación da Eastern Telegraph Company, coñecida como o Cable Inglés (1873). A presenza de sistemas de alta tecnoloxía de comunicacións e colectivos estranxeiros tivo un forte impacto na economía e sociedade viguesas, desde a internacionalización económica ata a introdución da práctica do fútbol coa creación do Exiles FC (1876).

O Exiles FC ten unha grande importancia no que hoxe é o máximo expoñente deportivo na cidade, o Real Club Celta de Vigo. Daquel equipo creado ao redor dos traballadores ingleses naceron outras entidades que foron o xerme do Celta. Non falta na exposición este referente a través do impresionante Trofeo «Orfos do Mar» (1949) que conmemora o partido benéfico xogado polo Celta e o Benfica en prol do Orfanato Virxe do Carme de Panxón.



BANDEIRA DO CABLE INGLÉS. Colección José Ramón Cabanelas



BALÓN DO EXILES F.C. Colección José Ramón Cabanelas



TROFEO "ORFOS DO MAR". Irmáns Hernández, 1949. Museo do Mar de Galicia

A reinvencción creativa nos anos 70-80

Nos 80 Vigo vive unha explosión creativa e musical sen precedentes en Galicia, por un lado da man da pintura co Grupo Atlántica e por outro cunha corrente de música irreverente que establecía paralelismos co que sucedía en Madrid. Vigo tamén tivo A Movida. A traza de todos estes grupos musicais compoñen unha sección a explorar na exposición a través de imaxes e sons, coa reprodución de fotografías das bandas máis representativas da época e a escoita dalgún dos seus temas.



AEROLÍNEAS FEDERALES, SINIESTRO TOTAL, GOLPES BAJOS, OS RESENTIDOS. Fotos: Víctor de las Heras, 1983-1986

VIGO E A AUGA

A exposición adéntrase na relación simbólica de Vigo co mar cun apartado no que explora a cidade máis alá da expansión urbanística ou o desenvolvemento territorial e industrial. Un relato cheo de metáforas onde descubrimos o Vigo das lendas.

As pedras sobre o mar

Nos castros de Toralla e Alcabre foron localizados uns cipos interpretados por algúns investigadores como fitos de carácter relixioso de orixe fenicia. A súa proximidade á ribeira suxire unha relación directa entre estes obxectos de culto e o océano. As pezas son testemuñas de longas viaxes e interaccións culturais entre o Atlántico e o Mediterráneo que cristalizaron en historias, universos e prácticas culturais. Esas historias quedan simbolizadas cunha recreación fantástica destas perigosas navegacións, nas que mito e realidade se confundían. Esa relación simbólica co mar en Vigo mantívose ao longo dos séculos, na construción de igrexas ao pé do mar como Bouzas ou Teis.

CIPÓ DA ILLA DE TORALLA. S. III-IV d. C. Museo Municipal de Vigo "Quiñones de León"



As covas do Folón

Situadas en Coruxo, son as segundas covas graníticas en extensión da península ibérica e foron un dos primeiros espazos sagrados do territorio vigués. Ás divindades desa corrente subterránea fixéronlle as primeiras ofrendas os antepasados.

CUNCA SEMIESFÉRICA. 2500-2 000 a. C. Museo Municipal de Vigo "Quiñones de León"



Os tesouros de Rande

A tradición oral da zona e as expedicións francesas derivadas da sona da publicación de Xulio Verne propiciaron a creación dunha lenda moderna ao redor dos galeóns de Rande. Así, deuse a coñecer a baía viguesa en Europa e a batalla de Rande foi reproducida en numerosos óleos e gravados. A curiosidade é que foi tal esa sona que moitas pinturas demostran que, sobre todo, esta batalla era unha narración. É o caso dun cadro que se mostra na exposición e no que están os lugares (a vila, os castelos, a posición das armadas...), pero no que se percibe que o autor non estivo realmente alí, senón que se guiou pola narración da escena.



BATALLA DE RANDE. Óleo, autor descoñecido. S.XVIII. Colección Severo Pardo

CAPITAL EDITORIAL

Prensa

O primeiro xornal vigués, *Semanario Patriótico de Vigo*, naceu en 1823 para apoiar a causa liberal e defender a capitalidade provincial viguesa, aprobada durante o Trienio Liberal. Xa no 1853 apareceu o considerado decano da prensa española, o *Faro de Vigo*, que se distinguiu nas primeiras décadas polas campañas contra o illamento do sur de Galicia. En 1986 naceu *Atlántico*, o xornal activo máis novo da cidade.



SEMANARIO PATRIÓTICO DE VIGO, n°1, 1823. Museo Quiñones de León







FARO DE VIGO. Reprodución do n° 1, do 3 novembro de 1853



ATLÁNTICO DIARIO. Publicación do 14 de xuño de 1987. Biblioteca Pública Juan Compañel.

Editoriais

Vigo configúrase a longo do S.XX, e sobre todo nas últimas décadas desa centuria, como a capital referente editorial de Galicia. O ambiente do galeguismo e a perspectiva empresarial e emprendedora da cidade favoreceron o xurdimento destas entidades. A mostra recolle algúns exemplos das publicacións que sacaron adiante. Xa no século anterior, Compañel publicou a primeira edición de *Cantares Gallegos* de Rosalía de Castro (1863). Tamén se expoñen libros de distinta índole das recoñecidas editoriais Krapf, Xerais e Galaxia.



- *CANTARES GALLEGOS* Rosalía de Castro 1863. Imprenta de Juan Compañel. Fundación Penzol
- *LA CELESTINA. TOMO I 1899-1900*. Editorial: Librería de Eugenio Krapf. Edición Procede da Biblioteca «Jesús Muruais» Ministerio de Cultura y Deporte. Dirección General del Libro y Fomento de la Lectura. Biblioteca Pública de Pontevedra Antonio Odriozola.
- *LIBRO DE MATEMÁTICAS 1º DE BUP*, 1979. Edicións Xerais de Galicia.
- *CADERNO COLECCIÓN "GRIAL" NÚMERO 1. PRESENCIA DE GALICIA*. Ramón Piñeiro, 1951. Editorial Galaxia. Biblioteca Pública de Vigo Juan Compañel

Experiencia interactiva e audiovisual

A exposición incorpora a tecnoloxía para conseguir mergullar ao visitante no percorrido da mostra dunha maneira máis enriquecedora, a través de instalacións audiovisuais e interactivas.



O Miradoiro

Atopamos durante o percorrido unha gran mesa con contido audiovisual que nos permite mergullarnos na evolución de Vigo nas súas diferentes épocas. A tecnoloxía permite aplicar as pezas documentais e obxectos nun infográfico, cunha cartografía a grande escala da cidade.

A través desta tecnoloxía as persoas visitantes farán unha viaxe pola época romana (o castro), os séculos XVI-XVIII (muralla, castelo de San Sebastián...), a baixa Idade Media (casco vello), e a expansión urbana en dúas épocas: século XIX-1937 e 1937-actualidade



Padróns

A exposición conta cun apartado especial onde se nos permite explorar, a través de fotografías, as pautas que definen a gramática visual da cidade. En Vigo destacan os seguintes elementos:

Os ornatos. A ampliación novecentista da cidade, nos edificios das rúas do primeiro Ensanche como Urzáiz ou Príncipe, lévanos a ornatos graníticos que remiten á Belle Époque, o modernismo e o eclecticismo.

As costas. As costas de Vigo son un dos grandes tópicos da identidade viguesa, pero testemuñan unha realidade: a dunha cidade que medra ao redor do eixo dos seus poboamentos antigos e as súas defensas, a fusión entre a xeoloxía e as necesidades humanas.

Os guindastres. A paisaxe viguesa está marcada por un horizonte único en Galicia: os guindastres do seu núcleo portuario, fusionando perfís industriais, residenciais e marítimos.



Comisariado

Comisario:

Manuel Gago Mariño

Manuel Gago Mariño é doutor en Ciencias da Comunicación pola USC, director da plataforma de divulgación cultural *culturagalega.gal* do Consello da Cultura Galega e profesor na Facultade de Ciencias da Comunicación da Universidade de Santiago de Compostela.

Especializado na confluencia entre cultura e tecnoloxía, e pioneiro de novos formatos dixitais de comunicación cultural desde finais dos anos 90, é responsable de numerosas iniciativas de posta en valor do patrimonio cultural, ademais de colaborador dos principais medios de comunicación do país, como La Voz de Galicia,



a Radio Galega, El Progreso ou o Diario de Pontevedra. Como comisario de exposicións, Gago ten traballado con algunhas das máis relevantes institucións do ámbito galego e xestionado pezas dos máis destacados centros internacionais. Foi responsable das mostras *Ao pé do lar: memorias da cociña* (Fórum Gastronómico / Museo do Pobo Galego, 2010), *Galicia 100. Obxectos para contar unha cultura* (Consello

da Cultura Galega, 2016), *Alba de Gloria de Castelao: unha experiencia* (Consello da Cultura Galega, 2018) e *Galicia, un relato no mundo* (Fundación Cidade da Cultura, 2019).

Como ensaísta e escritor, Gago ten publicado libros con éxito de público, entre os que destacan o ensaio *Herdeiros pola forza. Patrimonio cultural, poder e sociedade na Galicia do século XXI* (2.0 Editora, 2012) co arqueólogo Xurxo Ayán, o libro de narrativa *Vento e Chuvia. Mitoloxía antiga de Gallaecia* (Xerais, 2013) e as novelas *O Anxo Negro* (Xerais, 2016), *O exército de fume* (Xerais, 2016) e *Nus* (Xerais, 2021).

Foto: Soledad Felloza

Coordinador local:

Manuel Bragado

É mestre e editor retirado, ademais de colaborador en diferentes medios de comunicación e autor de *Vigo, puro milagre* (Xerais). Foi director de Edicións Xerais dende 1994 a abril de 2018, empresa na que traballou dende 1990. Licenciado en Ciencias da Educación pola Universidade de Santiago foi profesor do Mestrado en Edición 2009/2010 das Universidades de Vigo e Santiago de Compostela. Foi mestre orientador no CEIP Lope de Vega de Vigo (2018-2019) e CEIP de Laredo e CEIP de Cedeira de Redondela (2019-2023).



É presidente da Fundación Luzes e membro do consello editorial da revista Luzes, presidente da Asociación Premios da Crítica de Galicia, membro do Instituto de

Estudios Vigueses, do padroado da Fundación Celso Emilio Ferreiro, da Sociedade Jules Verne de Vigo, de ProLingua, de Nova Escola Galega, do STEG e de Amnistía Internacional.

Foi presidente da Asociación Galega de Editores (2010-2014), de Culturgal (2014-2017), da asociación pedagóxica Nova Escola Galega (1986-88), director da *Revista Galega de Educación* (1986-2000), membro da sección de «Lingua, literatura e comunicación» do Consello da Cultura Galega e redactor do documento «Lingua e edición» da ponencia de Lingua e Cultura do Proxecto Galicia 2010.

Comité científico xeral:


- Miguel Pazos Otón. Doutor en Xeografía. Profesor Titular de Xeografía Humana na USC
- Cristina Sánchez-Carretero. Antropológa. Doutora pola Universidade de Pennsylvania. Científica titular do Instituto de

Ciencias de Patrimonio (Incipit) do CSIC.

- Xaquín Núñez Sabarís. Doutor en Filoloxía Hispánica. Profesor titular do Departamento de Estudos Românicos da Universidade do Minho.


Comité científico local:

- Xoán Carmona Badía, catedrático de Historia e Institucións Económicas da USC.
- José Luis Mateo Álvarez, historiador da Arte.
- Ana Pereira Molares, doutora en Historia da Arte e membro numeraria Instituto de Estudios Vigüeses.
- Ignacio López-Chaves, avogado e presidente da Comisión Galega da Competencia.
- Beatriz Liz de Cea, historiadora da Arte, investigadora e comisaria de exposicións.
- Ceferino de Blas García, membro do Instituto de Estudios Vigüeses. In Memoriam.



Calendario

CIDADE	SEDE	DATAS DA EXPOSICIÓN
Santiago de Compostela (rematada)	Sede Afundación Santiago de Compostela (Rúa do Vilar, 19)	03/06/2022 - 10/09/2022
Ferrol (rematada)	Sede Afundación Ferrol (Plaza Constitución s/n)	18/11/2022- 28/01/2023
Lugo (rematada)	Sede Afundación Lugo (Praza Maior, 16 / Praza Santa María, s/n)	28/03/2023 – 27/05/2023
A Coruña (rematada)	Sede Afundación A Coruña (Cantón grande, 8)	12/07/2023 – 16/09/2023
Vigo	Sede Afundación Vigo (Policarpo Sanz, 24 - 26)	10/11/2023 - 20/01/2024
Ourense	Sede Afundación Ourense (Praza Maior, 4)	05/03/2024- 11/05/2024
Pontevedra	Café Moderno Afundación Pontevedra (Rúa Augusto González Besada, 2)	26/06/2024– 07/09/2024



Catálogo

Cada exposición conta con cadanseu catálogo que segue a estrutura da propia mostra, nun formato moi visual. Poderanse adquirir, a modo de colección, cun estoxo para gardalos.

Estrutura catálogo 'Vigo no tempo':

Textos institucionais comúns a todos os catálogos de 'Cidades no tempo':

- Presidente da Xunta de Galicia
- Presidente de Afundación
- Texto comisario: Manuel Gago
- Texto asesor : Miguel Pazos Otón. *Urbanización e cambio nas cidades galegas*

- Texto asesor: Xaquín Nuñez Sabarís. *Cidades, que cidade? mapas, imaxinarios, representacións*
- Texto asesor: Cristina Sánchez-Carretero. *Escoitar e habitar a cidade patrimonial*

Textos específicos 'Vigo no tempo':

- Conselleiro de Cultura, Educación, FP e Universidades, Román Rodríguez
- Texto comisario: Manuel Gago. Vigo, o progreso como identidade.
- Texto coordinador local: Manuel Bragado. Varios textos.

Créditos

XUNTA DE GALICIA

Presidente
Alfonso Rueda Valenzuela

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FP E UNIVERSIDADES

Conselleiro
Román Rodríguez González

Secretario Xeral Técnico
Manuel Vila López

Director Xeral de Cultura
Anxo Manuel Lorenzo Suárez

Fundación Cidade da
Cultura de Galicia
Directora Xerente
Ana Isabel Vázquez Reboredo

Directora de Acción Cultural
María Pereira Otero

Director de oficina técnica
Benito García Caramés

Director económico financeiro
Santiago González Prado

FONDO GAIÁS DA EMPRESA GALEGA

AFUNDACIÓN

Presidente
Miguel Ángel Escotet Álvarez

Vicepresidente
Xosé Carlos Caneiro Pérez

Director Xerente
Pedro Otero Espinar

Área de Cultura Afundación
Coordinadora
M.ª Teresa Cores Fernández

Coordinadora Adxunta
Paloma Vela Garicano

Rexistro e conservación
Departamento de conservación e
restauración de ABANCA

EXPOSICIÓN

COMISARIO
Manuel Gago Mariño

ASESORES

Miguel Pazos Otón
Xaquín Núñez Sabarís
Cristina Sánchez Carretero

COORDINADOR LOCAL
Manuel Bragado

COMITÉ CIENTÍFICO LOCAL

Xoán Carmona Badía, Beatriz Liz
de Cea, Ignacio López-Chaves, José
Luis Mateo Álvarez, Ana Pereira
Molares

COORDINACIÓN EXPOSICIÓN
Fundación Cidade da Cultura de
Galicia
Afundación

COMUNICACIÓN E MARKETING
Fundación Cidade da Cultura de
Galicia
Afundación

DIDÁCTICA-MEDIACIÓN
Afundación

DESEÑO DE MONTAXE
INSÓLITO DISEÑO+PRODUCTO
DOCUMENTACIÓN
Insólito Diseño+Producto

DOCUMENTACIÓN
Dehistoria. Historia. Cultura.
Patrimonio. S.L.L.

SOFTWARES INTERACTIVOS
Xoia Software Development S.L.

ILUSTRACIÓN

Miguel Robledo

FOTOGRAFÍAS
Manuel G. Vicente

AUDIOVISUAL
Miramemira

REXISTRO SONORO
AB Origine

DESEÑO GRÁFICO
Desoños

ANIMACIÓN
Jorge Costas

MONTAXE
Daexga
Carpintería Moure

GRÁFICA
Grupo Acanor

TRANSPORTE
Daexga

SEGUROS
Abanca Seguros
Howden Artai Arte

Entidades organizadoras

Cidade da Cultura de Galicia



A Cidade da Cultura impulsa proxectos innovadores no campo da cultura, o emprendemento e a tecnoloxía, en continua conexión coa esfera internacional. Concibida polo arquitecto Peter Eisenman na cima do Gaiás, un dos montes que rodean Santiago de Compostela,

esta cidade parece xurdir da terra como icona arquitectónica da Galicia contemporánea, dialogando coa Compostela milenaria, Patrimonio da Humanidade e destino do Camiño de Santiago.

Este espazo acolle cinco centros destinados á cultura, ao emprendemento, á tecnoloxía e á investigación e colaboración interuniversitaria: o Museo Centro Gaiás, a Biblioteca e Arquivo de Galicia, o Centro de Emprendemento Creativo, o Centro de Innovación Cultural (CINC) e o Edificio Fontán, todos eles vinculados á Conselle-

ría de Cultura, Educación e Universidade do goberno galego, a Xunta de Galicia. Ademais, o complexo conta con grandes espazos verdes nos que gozar da natureza, descansar, practicar deporte e hábitos de vida saudable ou asistir a espectáculos ao aire libre. A beleza e flexibilidade do Museo Centro Gaiás convérteno no espazo perfecto para acoller exposicións de gran dimensión, eventos culturais e espectáculos de artes escénicas. É o centro cultural e artístico da Cidade da Cultura. Conta cunha superficie expositiva distribuída en tres plantas superiores e un gran espazo multifuncional na planta inferior, que permiten materializar proxectos de moi diversa natureza. Ademais de exposicións, o museo acolle espectáculos de artes escénicas, como 'Escenas do Cambio' o WOMEX, a feria de *world music* máis importante do mundo e outro tipo de eventos de gran formato, como o Spin, a maior cita de emprendemento universitario de España, Portugal e América Latina


Afundación (Obra Social ABANCA)

Afundación, a Obra Social de ABANCA, é unha institución privada e sen ánimo de lucro que se define polo seu firme compromiso social e a súa vocación de servizo dentro e fóra de Galicia. Afundación é un axente de transformación fundamental para a súa contorna que, a través da acción nos seus catro eixes estratéxicos de educación, maiores, cultura e voluntariado, posibilita o desenvolvemento integral das persoas, buscando impulsar unha sociedade máis xusta e comprometida, dinamizando a innovación social, a transformación dixital e a sostibilidade de xeito transversal.

A cultura, entendida en Afundación como o elemento vertebrador esencial para a promoción do coñecemento, constitúe un dos seus eixos estratéxicos, en cuxo contexto as artes plásticas gozan dunha destacada relevancia. A Obra Social de ABANCA conta cunha consolidada traxectoria expositiva que se desenvolve nas súas sedes das

sete cidades galegas, e na que as mostras arredor da súa colección de arte, declarada pola Xunta de Galicia como Ben de Interese Cultural (BIC), ocupan un lugar preeminente, consonte a súa vocación museística. A elas cómpre engadir innovadores proxectos de programación propia e de propostas en colaboración con outras entidades, tanto de ámbito autonómico, coma nacional e internacional, que contribúen á dinamización da cultura en Galicia e desde Galicia.

Esta vocación de potenciación cultural levou á Afundación a ampliar a súa acción expositiva a través do programa «Corrente cultural», mediante o que se desenvolven mostras alén dos seus espazos propios, transcendendo os circuitos culturais tradicionais, grazas ao establecemento de marcos colaborativos con ABANCA, mecenas único de Afundación, e numerosos concellos de toda Galicia.



VIGO NO TEMPO

Exposición

10 novembro 2023—20 xaneiro 2024

Sede Afundación Vigo

afundacion.org

cidadedacultura.gal

